

Resolver conflitos mediante a palabra, comprender, valorar a diversidade e a amizade entre pobos son algúns dos principais obxectivos que nos moven como escola a traballar pola PAZ, como unha necesidade que debemos asumir como institución.

Non queremos mirar para outro lado, temos a obriga de promover valores de tolerancia, respecto mutuo e actitude crítica no alumnado que asiste pasivamente á violencia que chega a través de múltiples medios e entornos próximos.

EDUCAR PARA A PAZ, ensinar habilidades para **CONSTRUIR un MUNDO MELLOR**.



Máis informacións:

BLOGUES

<http://cpivirxedacelasolidario.blogspot.com/es/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpivirxedacelamonfero/?q=blog>



“POR UN MUNDO MELLOR”
Celebrando o día da paz baixo
unha perspectiva de inclusión
cultural



30 de xaneiro de 2017

CPI Plurilingüe Virxe da Cela

O XESTAL – Monfero – 15619 A Coruña
TFNO: 981 777606 - FAX: 981793044

cpivirxedacela.monfero@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cpi.virxedacelamonfero

25 de novembro 2016

Cursos de Educación Infantil – **OBRA DOIRO DE COCIÑA EN IGUALDADE**

• O alumnado de Educación Infantil cociña en igualdade coquiños para toda a comunidade educativa.



Cursos de Educación Primaria– **MARCAPÁXINAS CON VOZ**

• Os alumnos e alumnas de Primaria elaboraron uns marcapáxinas para regalarlle a unha muller que eles queiran, baixo a perspectiva de dar voz e potenciar a igualdade.

Cursos de Educación Infantil e Secundaria – **CONTOS SABIOS**

• Alumnado de Educación Secundaria realiza un contacontos para o alumnado de Educación Infantil cunha interpretación do conto de “*Arturo e Clementina*”

Cursos de Educación Primaria e Secundaria – **CHARLA-COLOQUIO**

• Contando coa participación de mulleres da nosa comunidade educativa, analizáronse libros de texto de fai un lustro e o papel da muller nes días e nos de hoxe.

Semana do 23 ao 27 de xaneiro de 2017

Cursos de Educación Infantil e Primaria – **SER DIFERENTE ESTÁ XENIAL**

- Visionado do vídeo “For the Birds”
- Asemblea sobre o concepto da paz e as súas implicacións
- Realización de páxaros con pinzas e materiais de refugallo baixo o lema “Ser diferente está xenial”.



Cursos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria – **PALABRAS CON SENTIDIÑO**

- Presentación de termos relacionados coa paz e descrición en implicación nas nosas vidas en asemblea.
- Definición de cada palabra por parte de cada alumno e alumna nun anaco de papel

30 de xaneiro de 2017

Toda a comunidade educativa– **PEGADAS POLA PAZ**

- Todos os membros da comunidade educativa puxeron a pegada das súas xemas para conformar a árbora da paz, na que tamén se colgaron algunhas das palabras máxicas

Toda a comunidade educativa– **COÑECENDO CULTURAS DO CENTRO**

- O obxectivo principal é presentar a todo o centro as diferentes culturas que están representadas nel, a través da participación e voz das familias e resto de comunidade educativa coa axuda do alumnado, organizando unhas mesas de experiencias, fotográficas, elementos típicos e degustacións:

Relacións do centro de Monfero con outros centros educativos (Nuevo México, Arizona e India), desenvolta por alumnado de 1º, 2º e 4º de ESO

Cultura de fala inglesa: onde se implica á familia dun alumno de 2º Primaria e alumna de 5º Infantil) e a auxiliar de conversa do centro.

Hispano-américa: Perú coa colaboración de 3º Primaria, México con 6º Infantil) e Guatemala coa participación de alumnado de 5º infantil.

Rumanía, con alumnado de 3º de Primaria

Toda a comunidade educativa – **ATA ONDE CHEGAN AS NOSAS MENSAXES DE PAZ**

• Inflando de globos biodegradables brancos nos que se introduciron os anacos de papel das palabras máxicas realizadas na semana anterior

• Solta de globos ao exterior. Cada globo ía acompañado dunha nota informativa solicitando que se se atopa o globo notifiquen ao centro onde o atoparon, para saber ata onde chegan as mensaxes de paz lanzados dende o noso centro.

• Recollida de información de os lugares nos que se atoparon as mensaxes de paz dos globos.

